



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2025

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME DE DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2025 .....	2
2. APROBACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLO) "POS+2025" DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (EXPEDIENTE: 2023/A003/000042).....	4
3. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA "REFORMA INTERIOR Y MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD DE CENTRO SOCIAL EN VIZUS".....	11
4. DAR CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 41/2025 DE DÍA 29.01.2025 E DO DECRETO 53/2025 DE DÍA 03.02.2025 (DE RECTIFICACIÓN DE ERROS DAQUEL), DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + ADICIONAL 3/2025. (REDUCCIÓN DA DÉBEDA PRÉSTAMOS PROVINCIAL).....	18
REMATE DA SESIÓN.....	22
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	22





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2025

#### ASISTENTES:

##### Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

##### Concelleiros/as:

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D. Luis Pena Mosquera (BNG)

D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D<sup>a</sup> Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e seis minutos do día cinco de febreiro de dous mil vinte e cinco, xúntanse, en sesión extraordinaria urxente o Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria e a Interventora municipal

##### A Secretaria municipal:

D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos

##### A Interventora municipal

D<sup>a</sup>. Lucía Varela Martínez

##### NON ASISTEN:

D<sup>a</sup> María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

A Presidencia abre a sesión, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

### 1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME DE DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2025

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidentencia, que se transcribe a continuación:

#### **"PROPOSTA DE ACORDO**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### **RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME DE DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2025**

Expediente TEdEC: 2025/G006/000036

Logo de ver a convocatoria efectuada pola Deputación Provincial da Coruña do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único concellos) "POS + 2025", bases publicadas no BOP núm. 233 de día 03.12.2024

Logo de ver que o prazo para presentación de solicitudes remata o día 7 de febreiro ás 15:00 horas, e que non foi posible ter concluído con anterioridade a tramitación dos distintos expedientes que se propoñen para a súa inclusión no POS + 2025

Tendo en conta o establecido no artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, ao respecto dos asuntos sen ditaminar pola correspondente Comisión Informativa.

É por isto que, esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.**- Ratificar a urxencia da celebración da sesión extraordinaria urxente do Pleno de día 5 de febreiro de 2025 e a inclusión na orde do día da sesión dos asuntos:

**1. APROBACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLO) "POS+2025" DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (Expediente: 2023/A003/000042)**

**2. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA "REFORMA INTERIOR Y MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD DE CENTRO SOCIAL EN VIZUS"**

**3. DAR CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 41/2025 DE DÍA 29.01.2025 E DO DECRETO 53/2025 DE DÍA 03.02.2025 (DE RECTIFICACIÓN DE ERROS DAQUEL), DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + ADICIONAL 3/2025. (REDUCCIÓN DA DÉBEDA PRÉSTAMOS PROVINCIAL)".**

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (7 PSOE, 2 BNG e 2 PP) o **ACORDO** seguinte:

**ÚNICO.**- Ratificar a urxencia da celebración da sesión extraordinaria urxente do Pleno de día 5 de febreiro de 2025 e a inclusión na orde do día da sesión dos asuntos:

**1. APROBACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLO) "POS+2025" DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (Expediente: 2023/A003/000042)**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA “REFORMA INTERIOR Y MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD DE CENTRO SOCIAL EN VIZUS”

3. DAR CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 41/2025 DE DÍA 29.01.2025 E DO DECRETO 53/2025 DE DÍA 03.02.2025 (DE RECTIFICACIÓN DE ERROS DAQUEL), DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + ADICIONAL 3/2025. (REDUCCIÓN DA DÉBEDA PRÉSTAMOS PROVINCIAL)

**2. APROBACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLO) “POS+2025” DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (EXPEDIENTE: 2023/A003/000042).**

A secretaria da lectura á proposta da alcaldía-presidencia, que se transcribe a continuación:

**“APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2025”**

**Expediente: 2024/A007/000003**

### **PROPOSTA DE ACORDO**

*Expediente de proposta: 2025/G006/000035*

*Tendo en conta a circular da Deputación da Coruña de data 02/12/2024, relativa á aprobación “Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2025”, aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29.11.2024, na que se comunica a este Concello que as cantidades do POS +2025 para cada un dos tipos de achega son as que figuran na seguinte táboa:*

<b>Achega provincial 2025</b>	<b>Achega provincial 2024</b>	<b>TOTAL POS + 2025</b>
<b>265.785,82</b>	<b>257.968,59</b>	<b>523.754,41</b>

*Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2025 (BOP nº 233 de 03.12.2024).*

*Logo de ver o “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DE PISCINA MUNICIPAL CUBIERTA DE PONTEDEUME.FASE 1” asinado dixitalmente o 17.01.2025 polo arquitecto Santiago Sánchez Iglesias, en representación de Vier Arquitectos SL (CIF nº B15829965) en data 17.01.2025, cun importe de **281.229,66 €** (232.421,21 € + 48.808,45 € de IVE)*

*Logo de ver o **PROXECTO “MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA PISTA A GRAÑA”** asinado dixitalmente en 29/01/2025 polo enxeñeiro de camiños Pablo Blanco Ferreiro, documento con rexistro de entrada nº 202599900000133 de 29/01/2025 (presentado por*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

JORDI PANADES, en representación de ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO SA CIF nº A15093081), cun importe de **194.579,12 €** (160.809,19 € + 33.769,93 de IVE)

Tendo en conta que o Pleno do Concello de Ponte deume, en sesión celebrada o día 31.07.1997, adxudicou definitivamente o "Contrato administrativo de concesión dos servizos públicos de abastecemento de auga potable, mantemento da rede de saneamento (rede de sumidoiros) e depuración de augas residuais na modalidade de concesión administrativa" e por tanto, a xestión integral do ciclo da auga, á empresa Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, SA (AQUAGEST); mediante esta fórmula de xestión indirecta do servizo de abastecemento de auga potable, o Concello, que segue a ser o titular daquel, transfería a unha empresa privada a xestión do servizo, asumindo esta o risco económico da actividade sendo que, dende ese momento, a distribución da auga non constitúe exercizo dunha actividade económica por parte do Concello, polo que de acordo coa normativa do imposto, non se poden deducir as cotas do iva soportadas polos gastos derivados de obras realizadas na rede de abastecemento.

Tendo en conta que obran no expediente os anexos e informes requiridos nas bases reguladoras, e á vista do informe xurídico da Técnica Superior de Administración Local do Concello de Ponte deume de data 4/02/2025.

Esta Alcaldía-Presidencia **PROPÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**.-

**PRIMEIRO.-** Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2025" e con cargo á "achega provincial 2024"; e aprobar, para os únicos efectos da solicitude de participación no POS+2025, a relación de investimentos que se indican nas seguintes táboas:

### A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	2 57.968,59
<b>Subtotal gasto corrente</b>	2 57.968,59

### B ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello		Orzamento	
Achega		IVE soportado deducible	Total Concello		
<b>REHABILITACIÓN DE PISCINA</b>		<b>15.443,84 €</b>		<b>15.443,84 €</b>	<b>281.229,66 €</b>





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<b>MUNICIPAL CUBIERTA DE PONTEDEUME</b>	265.785,82				
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2025</b>	265.785,82	15.443,84 €	0,00 €	15.443,84 €	281.229,66 €

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra	Deputación	Concello			Orzamento
		Achega	IVE soportado deducible	Total Concello	
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2024</b>	0	0	0	0	0

### C) Resumo:

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento
			Concello	IVE	Total concello	
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	Achega 2025	0				
	Achega 2024	257.968,59				257.968,59
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	Achega 2025	265.785,82	15.443,84 €		15.443,84 €	281.229,66 €
	Achega 2024	0	0	0	0	0
<b>C- TOTAL</b>	Achega 2025	265.785,82	15.443,84 €		15.443,84 €	281.229,66
	Achega 2024	257.968,59				257.968,59
	<b>TOTAL</b>	<b>523.754,41</b>	<b>15.443,84 €</b>		<b>15.443,84 €</b>	<b>539.198,25</b>

**SEGUNDO.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar, para os únicos efectos da solicitude de participación no POS+2025, a relación de investimentos que se indican na taboa seguinte:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza)
(mínimo do 25% da			





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

achega provincial 2025)		actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	entre a columna A e a B)
MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA PISTA A GRAÑA	194.579,12 €		194.579,12 €
TOTAIS	194.579,12 €		194.579,12 €

**TERCEIRO.**- Declarar que o concello tramitará os expedientes que sexan necesarios para a obtención da dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias; o anterior tendo en conta o informado polo Arquitecto técnico municipal e a Secretaria da Corporación nos anexos correspondentes.

**CUARTO.**- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 que a requiren.

**QUINTO.**- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

**SEXTO.**- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**SÉTIMO.**- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**OITAVO.**- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Daniel Ríos Fernández, concelleiro delegado da área de Urbanismo e Infraestruturas**, para indicar que a achega provincial é de máis de 500.000 euros, que se destinas á inversión da piscina (280.000 €) e a gasto corrente (250.000 €); e logo o POS complementario de 190.000 euros na obra Camiño A Graña que non soamente inclúe a pavimentación, senón tamén a renovación de abastecemento, saneamento e pluviais.







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Indica o **Sr. Presidente**, que se vai anhear o camiño, e que hai que recorrer a un procedemento de expropiación para comprar unha parte dunha finca, xa que non foi posible a súa compra.

Concluídas as intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE 9 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (7), D. Bernardo Fernández Piñeiro, don Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup>. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez, D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera; e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2), D. Luis Pena Mosquera e D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; o **ACORDO seguinte**:

**PRIMEIRO.-** Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2025" e con cargo á "achega provincial 2024"; e aprobar, para os únicos efectos da solicitude de participación no POS+2025, a relación de investimentos que se indican nas seguintes táboas:

### A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	57.968,59
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>57.968,59</b>

### B ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO			Orzamento	
	Deputación	Concello			
Denominación da obra		Achega	IVE soportado deducible	Total Concello	
REHABILITACIÓN DE PISCINA MUNICIPAL CUBIERTA DE PONTEDEUME	265.785,82	15.443,84 €		15.443,84 €	281.229,66 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2025</b>	<b>265.785,82</b>	<b>15.443,84 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>15.443,84 €</b>	<b>281.229,66 €</b>

--	--







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra	Deputación	Concello			Orzamento
		Achega	IVE soportado deducible	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2024	0	0	0	0	0

### C) Resumo:

POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento
			Concello	IVE	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2025	0				
	Achega 2024	257.968,59				257.968,59
B- INVESTIMENTOS	Achega 2025	265.785,82	15.443,84 €		15.443,84 €	281.229,66 €
	Achega 2024	0	0	0	0	0
C- TOTAL	Achega 2025	265.785,82	15.443,84 €		15.443,84 €	281.229,66
	Achega 2024	257.968,59				257.968,59
	<b>TOTAL</b>	<b>523.754,41</b>	<b>15.443,84 €</b>		<b>15.443,84 €</b>	<b>539.198,25</b>

**SEGUNDO.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar, para os únicos efectos da solicitude de participación no POS+2025, a relación de investimentos que se indican na táboa seguinte:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles  (mínimo do 25% da achega provincial 2025)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA PISTA A GRAÑA	194.579,12 €		194.579,12 €





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TOTAIS	194.579,12 €	194.579,12 €
--------	--------------	--------------

**TERCEIRO.-** Declarar que o concello tramitará os expedientes que sexan necesarios para a obtención da dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias; o anterior tendo en conta o informado polo Arquitecto técnico municipal e a Secretaria da Corporación nos anexos correspondentes.

**CUARTO.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 que a requiren.

**QUINTO.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

**SEXTO.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**SÉTIMO.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**OITAVO.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

### 3. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA “REFORMA INTERIOR Y MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD DE CENTRO SOCIAL EN VIZUS”.

A secretaria da lectura á proposta da alcaldía-presidencia, que se transcribe a continuación:

**“SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA “REFORMA INTERIOR Y MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD DE CENTRO SOCIAL EN VIZUS”**

EXPEDIENTE TEdC: 2025/A007/000001

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

Expediente da proposta: 2025/G006/000031

#### **ANTECEDENTES**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1.- **Convenio 78/2019:** “Convenio de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Ponte deume polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de reforma interior e mellora de accesibilidade do Centro Social de Vizús (antiga escola unitaria de Centroña)” asinado en data 14 de outubro de 2019.

2. **Convenio 101/2021:** “Convenio de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Ponte deume polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de reforma interior e mellora de accesibilidade do Centro Social de Vizús (antiga escola unitaria de Centroña)” asinado en data 22 de decembro de 2021.

3.- **Convenio 45/2022:** “Convenio de cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello de Ponte deume polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de reforma interior e mellora de accesibilidade do Centro Social de Vizús (antiga escola unitaria de Centroña)” (*Conv 45/2022*), de data 1 de xullo de 2022; que recollía na súa cláusula XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN, do convenio 45/2022, asinado en data 01.07.2022, que establece, entre outros, a vixencia do convenio ata o 31 de marzo de 2023.

4.- Por Resolución de Alcaldía 532/2022 de 11/08/2022 resolvíase a aprobación do expediente de contratación, pregos e autorización do gasto, para a contratación das obras contidas no proxecto “**REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DE CENTRO SOCIAL EN VIZÚS**” (**CONVENIO DEPUTACIÓN 45/2022**)”, documento con rexistro de entrada nº 201900000001478 de 17/04/2019, redactado e asinado dixitalmente polo arquitecto Óscar Sánchez Martínez con importe total de 230.601,91 € (IVE incluído), mediante procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, tramitación ordinaria. (Expediente: **2021/C003/000004**), declarándose deserta a dita licitación mediante Decreto 670/2022 de 19/10/2022, **declarábase deserta a licitación** do procedemento de contratación para a execución das obras contidas no proxecto “**REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DE CENTRO SOCIAL EN VIZÚS**” (**CONVENIO DEPUTACIÓN 45/2022**)”, (Expediente: **2021/C003/000004**)

5.- Por Decreto da Alcaldía 792/2022 de 09/12/2022, resolvíase, entre outros:

“**PRIMEIRO.-** Incoar o expediente para a contratación das actuacións recollidas no proxecto “**REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DE CENTRO SOCIAL EN VIZÚS**” (**CONVENIO DEPUTACIÓN 45/2022**)” **2ª LICITACIÓN**

...//...”.

Tendo en conta os prazos, de execución (4 meses) e de vixencia do convenio (ata o 31 de marzo de 2023), data na que segundo o disposto no seu clausulado “**...//...o convenio quedará definitivamente extinguido...//...**”, e co obxecto de evitar o conseguinte prexuízo ao interese público pola perda do financiamento, non se avanzou no procedemento de contratación.

O 29.07.2024 tiña entrada no rexistro municipal o proxecto actualizado para a execución da obra “**REFORMA INTERIOR Y MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD DE CENTRO SOCIAL EN VIZUS**”, por importe de 306.713,10 € (253.481,90 € + 53.231,20 € de IVE), asinado





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

dixitalmente en data 29/07/2024 polo arquitecto , Oscar Sánchez Martínez, documento con rexistro de entrada n.º 202499900001375.

### [ EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

#### 1.- OBXECTO DA SOLICITUDE, XUSTIFICACIÓN DO CARÁCTER SINGULAR DO PROXECTO E DESCRICIÓN DO INVESTIMENTO

Dende o peche a principios da década do ano 2000 da antiga escola unitaria da parroquia de Centroña, este edificio foi utilizado como local social para o desenrolo de distintas actividades culturais e lúdicas, dende cursos de cociña, micoloxía, pintura, bordado, idiomas... ata charlas sobre historia local.

Co paso do tempo, e tendo en conta que se trata dunha construción dos anos 60, o citado edificio presenta na actualidade un gran número de deficiencias e danos, que dada a relevancia dalgún deles, deberían ser reparados canto antes.

Co proxecto de obra "**REFORMA INTERIOR Y MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD DE CENTRO SOCIAL EN VIZUS**", por importe de 306.713,10 € (253.481,90 € + 53.231,20 € de IVE), asinado dixitalmente en data 29/07/2024 polo arquitecto , Oscar Sánchez Martínez, documento con rexistro de entrada n.º 202499900001375 de 29/07/2024, preténdese a modificación , reforma e mellora da accesibilidade dunha edificación para a súa adaptación como centro sociocultural. A planta baixa modifícase para deixar un espazo diáfano multi funcións, un baño, un office, cun carto de limpeza e unha zona de almacenaxe. Engádense dous pequenos volumes: un para mellorar a entrada do edificio e outro na parte posterior para incorporar un ascensor e unhas escaleiras e así poder crear un espazo diáfano na planta baixa. Na planta alta ampliarase unha das salas mentras que nas demais estacias manteranse incluído un aseo e un pequeno office.

O programa de necesidades componse de tres salóns multiusos, office, baño, cuarto de limpeza e almacén.

Na elaboración da proposta primaron os criterios de funcionalidade e eficacia na distribución, uso e posterior mantemento e instalación. Paralelamente asúmense criterios de formulación dunha imaxe que participe doutras instalacións similares e recentes coas mesmas características.

#### 2.- DESCRICIÓN DO INVESTIMENTO

As actuacións propostas consisten na a modificación , reforma e mellora da accesibilidade dunha edificación para a súa adaptación como centro sociocultural.

Tal e como se recolle no proxecto técnico redactado en xullo de 2024, as actuacións comprenden:

RECINTO	SUPERFICIE
Vestíbulo	7,50 m2
Salón 01	95,50 m2



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Office	4,55 m2
Baño 01	6,00 m2
Cuarto limpeza	3,25 m2
Almacén	7,05 m2
Escaleras	11,10m2
Ascensor	3,45 m2
Garaxe	9,70 m2
<b>SUPERFICIE ÚTIL TOTAL DE PLANTA BAIXA</b>	<b>148,10 m2</b>
<b>SUPERFICIE CONSTRUIDA TOTAL PLANTA BAIXA</b>	<b>170,90 m2</b>

### **3.- PERSOAS BENEFICIARIAS**

*A poboación directamente beneficiada pola realización da obra recollida no proxecto “Reforma interior e mellora da accesibilidade do centro social en Vizús” son, segundo datos recollidos na comunicación de cifras oficiais de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas a 1 de xaneiro de 2024, 7456 habitantes.*

### **4.- RAZÓNS EXTRAORDINARIAS DE INTERESE PÚBLICO E CARÁCTER SINGULAR DO PROXECTO PARA A TRAMITACIÓN EXCEPCIONAL DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA.**

*De conformidade co artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local (LBRL) e o artigo 80.2.n) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, o Concello exerce competencias propias no relativo á promoción da cultura e equipamentos culturais.*

*Os centros socioculturais son equipamentos de uso comunitario, abertos a tódolos veciños do municipio, que teñen como obxectivo fomentar a convivencia entre os veciños mediante a realización de actividades de ocio, actividades sociais, actividades de aprendizaxe... e impulsar a súa participación nestos espazos públicos.*

*A animación sociocultural enténdese non só como un modo de entretemento, senón que hai que entendela como unha ferramenta que mellore o nivel de vida das persoas que participan nelas. Así poden enumerarse como beneficios que implican a realización destas actividades, entre outros, que diminúe a pasividade da poboación, mellora a calidade de vida dos asistentes, creándose lazos de amizade durante o desenvolvemento das actividades, creación de optimismo nos participantes...*

*Na actualidade e dende o ano 2000 o local estase a utilizar como local social para o desenvolvemento de diferentes actividades culturais e lúdicas, dende cursos de cociña, micoloxía, pintura, bordado, idiomas ata charlas sobre historia local. Co paso do tempo, e tendo en conta que se trata dunha construción dos anos 60, o citado edificio presenta na actualidade un gran número de deficiencias e danos, que dada a relevancia dalgún deles, deberían ser reparados canto antes.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Por todo o anteriormente exposto, quedan xustificadas as razóns extraordinarias de interese público e o carácter singular do proxecto para a tramitación excepcional da concesión da subvención nominativa.*

*Atendendo á capacidade económica e de xestión do Concello de Ponte deume, e dada a elevada demanda da mellora de espazos, infraestruturas e vías por parte da veciñanza, non é posible neste intre acudir a programa de subvención de concorrencia competitiva ou plan provincial adecuado ás urxentes necesidades descritas, que requiren por parte dos responsables municipais dun excepcional esforzo económico na prestación de servizos de competencia municipal.]*

*Logo de ver o informe técnico de data 28.01.2025, cuxo contido se transcribe, en estrato:*

*"...//...*

### **1 OBXECTO DAS OBRAS DA MEMORIA**

*O obxecto do proxecto sobre o que se solicita informe consiste :“El presente proyecto tiene por objeto modificación, reforma y mejora de la accesibilidad de una edificación para su adaptación como centro sociocultural. La planta baja se modifica para dejar un espacio diáfano multi funciones, un baño, un office, un cuarto de limpieza y una zona para almacenaje. Se añaden dos pequeños volúmenes: uno para mejorar la entrada del edificio y otro en la parte posterior para incorporar un ascensor y unas escaleras y así poder crear un espacio diáfano en la planta baja.*

*En planta alta, se ampliará una de las salas mientras que las demás estancias se mantendrán incluido un aseo y un pequeño office.”*

*Este proxecto se corresponde co presentado en nr 20180000005213, 13/11/2018, correspondendo o presente a unha mera actualización de prezos e orzamento.*

### **2 PROMOTOR E PROXECTISTA**

*O proxecto está promovido polo Concello de Ponte deume.  
O proxecto está redactado por Oscar Sánchez Martínez.  
O proxecto non está visado polo correspondente colexio profesional.*

*O proxecto técnico de “REFORMA INTERIOR Y MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD DE CENTRO SOCIAL EN VIZUS” asinado polo Arquitecto, Oscar Sanchez Martinez, nr 202499900001375, 29/07/2024.*

### **3 EMPRAZAMENTO DAS OBRAS**

*As obras localízanse, no Centro Social de Vizus.  
Referencia catastral , 4967517NJ6046N0001RT.  
Dirección Catastral: LG VIZUS 34  
15607 PONTEDEUME (A CORUÑA)*

### **4 PRAZO DE DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

*O redactor estima catro meses.*







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

...//...

#### 2 VIABILIDADE URBANÍSTICA:

*Dado o tipo de solo onde se empraza, as obras se consideran viables urbanisticamente.*

#### 3 PERMISOS E AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:

...//...

*A actuación se atopa preto de estrada de deputación, polo que será necesaria a autorización do titular da vía, Servizo de Vías e Obras, Deputación da Coruña.*

*Será necesario solicitar unha nova autorización o Servizo de Vías e obras. (EXP Anterior: Expediente: 2018000030358).*

...//...

#### 7 SUPERVISIÓN DE PROXECTO:

...//...

*De acordo co art. 235 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: "Antes de la aprobación del proyecto, cuando el presupuesto base de licitación del contrato de obras sea igual o superior a 500.000 euros, IVA excluido, los órganos de contratación deberán solicitar un informe de las correspondientes oficinas o unidades de supervisión de los proyectos encargadas de verificar que se han tenido en cuenta las disposiciones generales de carácter legal o reglamentario así como la normativa técnica que resulten de aplicación para cada tipo de proyecto. La responsabilidad por la aplicación incorrecta de las mismas en los diferentes estudios y cálculos se exigirá de conformidad con lo dispuesto en el apartado 4 del artículo 233 de la presente Ley. En los proyectos de presupuesto base de licitación inferior al señalado, el informe tendrá carácter facultativo, salvo que se trate de obras que afecten a la estabilidad, seguridad o estanqueidad de la obra en cuyo caso el informe de supervisión será igualmente preceptivo.."*

*Consta informe de supervisión de proxectos do Servizo de Asistencia a Municipios da Deputación da Coruña, para o proxecto anterior N° rex. Saida: 20189000000459, n/ref: SATM/2018\_69PTMobrSPVinf2.*

*Dado que se modificaron os prezos, considerase necesario solicitar unha nova supervisión do mesmo.*

#### 10 DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS:

...//...

*Revisado o inventario se comproba que o trazado figura no inventario nos seguintes códigos:*







## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

.- Ten a ficha de inventario, 1INM06900018 / Grupo Escolar Vizus -Centroña.

...//....

### CONCLUSIÓNS

A xuízo do técnico que subscribe, o contido do proxecto denominado "REFORMA INTERIOR Y MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD DE CENTRO SOCIAL EN VIZUS":

- resulta viable técnica e urbanisticamente.

Debera solicitarse a renovación ou nova solicitude da autorización da Deputación da Coruña, do Servizo de Vías e Obras, por caducidade da autorización da que se dispoña.

...//..."

Logo de ver o informe da intervención municipal Ref.: 14/2025 de data 30.01.2025, no que se indica, entre outros:

"...//..."

SÉTIMO.- Neste momento non é posible realizar retención de crédito en contabilidade ao ter que modificarse previamente o orzamento de 2025 para atender á contía a financiar con recursos propios.

...//..."

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.- Solicitar unha subvención de concesión directa á Deputación Provincial da Coruña por importe de 245.370,48 €, que se corresponde co 80% do orzamento para o financiamento da obra contida no proxecto "REFORMA INTERIOR Y MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD DE CENTRO SOCIAL EN VIZUS", cun importe de 306.713,10 € (253.481,90 € + 53.231,20 € de IVE), asinado dixitalmente en data 29/07/2024 polo arquitecto, Oscar Sánchez Martínez, documento con rexistro de entrada n.º 202499900001375 de 29/07/2024, ratificando o sinalado na exposición de motivos e conforme ao seguinte cadro de financiamento:**

Denominación do investimento	Orzamento	Deputación	Concello
"REFORMA INTERIOR Y MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD DE CENTRO SOCIAL EN VIZUS",	306.713,10 €	245.370,48 €	61.342,62 €
		Coeficiente de financiamento (%)	
		80	20

**SEGUNDO.- O Concello de Ponte deume comprométese a habilitar o crédito necesario para o financiamento da parte non subvencionada pola Deputación da Coruña (20%), de resultar beneficiario da subvención de acordo co solicitado, isto é: 61.342,62 €**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**TERCEIRO.**- Facultar ao Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos se deriven da tramitación do expediente da subvención

**CUARTO.**- Dar traslado do presente acordo á Deputación da Coruña”.

A Presidencia abre a quenda para o debate

Toma a palabra **don Daniel Ríos Fernández, concelleiro delegado da área de Urbanismo e Infraestruturas**, que di que o procedemento de licitación desta obra quedou deserto, que estaba financiado por un convenio nominativo coa Deputación da Coruña; coa subida dos custes na construción foi necesario refacer o proxecto e polo tanto asinar un novo convenio e repetir o procedemento de licitación. Indica que o importe da obra é de 306.000 euros aproximadamente, cun incremento con respecto ao proxecto anterior do 33 %.

Concluídas as intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE 9 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (7), D. Bernardo Fernández Piñeiro, don Daniel Ríos Fernández, D<sup>a</sup>. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez, D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera; e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2), D. Luis Pena Mosquera e D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.**- Solicitar unha subvención de concesión directa á Deputación Provincial da Coruña por importe de 245.370,48 €, que se corresponde co 80% do orzamento para o financiamento da obra contida no proxecto **“REFORMA INTERIOR Y MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD DE CENTRO SOCIAL EN VIZUS”**, cun importe de 306.713,10 € (253.481,90 € + 53.231,20 € de IVE), asinado dixitalmente en data 29/07/2024 polo arquitecto, Oscar Sánchez Martínez, documento con rexistro de entrada n.º 202499900001375 de 29/07/2024, ratificando o sinalado na exposición de motivos e conforme ao seguinte cadro de financiamento:

Denominación do investimento	Orzamento	Deputación	Concello
“REFORMA INTERIOR Y MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD DE CENTRO SOCIAL EN VIZUS”	306.713,10 €	245.370,48 €	61.342,62 €
		Coeficiente de financiamento (%)	
		80	20

**SEGUNDO.**- O Concello de Ponte deume **comprométese a habilitar o crédito** necesario para o financiamento da parte non subvencionada pola Deputación da Coruña (20%), de resultar beneficiario da subvención de acordo co solicitado, isto é: 61.342,62 €.

**TERCEIRO.**- Facultar ao Alcalde-Presidente para a sinatura de cantos documentos se deriven da tramitación do expediente da subvención.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación da Coruña.

**4. DAR CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 41/2025 DE DÍA 29.01.2025 E DO DECRETO 53/2025 DE DÍA 03.02.2025 (DE RECTIFICACIÓN DE ERROS DAQUEL), DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS + ADICIONAL 3/2025. (REDUCIÓN DA DÉBEDA PRÉSTAMOS PROVINCIAL)**

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**“DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 41/2025 de data 29-01-2025 (E DO DECRETO 53/2025 data 03-02-2025 DE RECTIFICACIÓN DE ERROS DAQUEL) DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 3/2025. (REDUCIÓN DA DÉBEDA PRESTAMO PROVINCIAL)**

### PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN

(Expediente TEdC: 2025/G006/000034)

**Dáse conta do ditado do Decreto da Alcaldía en funcións nº 41/2025 de data 29-01-2025, do seguinte teor que se transcribe:**

**“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 3/2025. (REDUCIÓN DA DÉBEDA PRESTAMO PROVINCIAL)**

### EXPEDIENTE Nº 2024/A007/000003

**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

Logo de ver a circular da Deputación da Coruña de 02/12/2024, documento con rexistro de entrada nº 20240000002836 de 04/12/2024, sobre o POS+Adicional 3/2025 para redución da débeda de 76 concellos coa deputación pola utilización de préstamo provincial no Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+) 2017 a 2023, e para o financiamento do gasto corrente de 17 concellos sen esta débeda, cuxo contido se transcribe, en estrato:

“...//...

O importe da achega provincial asignada a ese concello no POS+Adicional 3/2025 é o que figura na seguinte táboa, coa indicación da finalidade á que debe destinarse:

Concello	Pontedeume
----------	------------

POS+ AD3/2025	Redución da débeda do concello coa	Gasto corrente
---------------	------------------------------------	----------------





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	deputación pola utilización de préstamo provincial dos plans 2015-2023	
Achega provincial asignada	93.806,76	

...//..."

Logo de ver as bases da convocatoria, publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 233 de 03.12.2024)

Tendo en conta o informe da intervención municipal Ref.: 12/2025 (ANEXO XXVI das bases da convocatoria.), de data 28.01.2025.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** –Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 3/2024” da Deputación Provincial da Coruña, conforme ás bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 233 de 03.12.2024)., coa finalidade de **“Redución da débeda do concello coa deputación pola utilización de préstamo provincial dos plans 2015-2023”**

**SEGUNDO.**– Presentar o informe emitido pola Intervención Municipal Ref.: 12/2025 (ANEXO XXVI das bases da convocatoria.), de data 28.01.2025., no que se indica o importe de achega provincial asignada no POS+Adicional 3/2025 que se aplica á redución da débeda coa deputación pola utilización de préstamo provincial no Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+) 2017 a 2023.

**TERCEIRO.**– Dar conta do contido da presente resolución ao Pleno do Concello, así como dar traslado ao departamento de Intervención Municipal

**CUARTO.**– Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).”

E do decreto **53/2025 de 03-02-2025**; de rectificación de erros daquel, cuxo contido se transcribe, en estrato:

**“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO Nº 41/2025 de data 29-01-2025 DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 3/2025. (REDUCIÓN DA DÉBEDA PRESTAMO PROVINCIAL)**

**EXPEDIENTE Nº 2024/A007/000003**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

Logo de ver o Decreto nº 41/2025 de data 29-01-2025 DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 3/2025. (REDUCCIÓN DA DÉBEDA PRESTAMO PROVINCIAL)

Detectado un erro material no contido do dito Decreto xa que:

Na parte resolutiva, onde di:

**“PRIMEIRO.** –Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 3/2024” da Deputación Provincial da Coruña, conforme ás bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 233 de 03.12.2024)., coa finalidade de **“Redución da débeda do concello coa deputación pola utilización de préstamo provincial dos plans 2015-2023”**

...//...”.

Debe dicir:

**“PRIMEIRO.** –Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 3/2025” da Deputación Provincial da Coruña, conforme ás bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 233 de 03.12.2024)., coa finalidade de **“Redución da débeda do concello coa deputación pola utilización de préstamo provincial dos plans 2015-2023”**

...//...”.

En virtude do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que establece que: “2. As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”

Considerando a atribución concedida a esta Alcaldía segundo o establecido no artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** - Rectificar o erro material do decreto nº Nº 41/2025 de data 29-01-2025 DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 3/2025. (REDUCCIÓN DA DÉBEDA PRESTAMO PROVINCIAL), conforme ao seguinte:

Na parte resolutiva, onde di:

**“PRIMEIRO.** –Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 3/2024” da Deputación Provincial da Coruña, conforme ás bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 233 de 03.12.2024)., coa finalidade de **“Redución da débeda do concello coa deputación pola utilización de préstamo provincial dos plans 2015-2023”**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

...//...".

Debe dicir:

**"PRIMEIRO.** –Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 3/2025" da Deputación Provincial da Coruña, conforme ás bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 233 de 03.12.2024)., coa finalidade de **"Redución da débeda do concello coa deputación pola utilización de préstamo provincial dos plans 2015-2023"**

...//...".

En cumprimento do anterior, esta Alcaldía, da conta ao Pleno, para a súa **TOMA DE RAZÓN**".

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**.

### REMATE DA SESIÓN

Non habendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e catorce minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

### DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 27.02.2025 segundo o borrador asinado o día 19.02.2025. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

